

2

EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

2.1.- **Emprego**

2.2.- **Relacións laborais e saúde laboral**

2.3.- **Políticas activas de emprego**

O descenso do ritmo de crecemento da actividade produtiva galega ao longo do ano 2008, que remata o ano ás portas dunha recesión económica, tivo unha incidencia directa no mercado de traballo. O crecemento do produto interior bruto (PIB) real, que se situou de media no 1,8%, tradúcese nun comportamento da ocupación que a penas crece, xa que as afiliacións en alta laboral na Seguridade Social medran tan só un 0,2% e a poboación ocupada estimada pola EPA o fai nun 0,6%.

Xunto a este freo na creación de emprego, 2008 presenta un importante crecemento do desemprego, que se ben é moi inferior ao rexistrado o conxunto do Estado, acada valores altos: 16,3% no caso da poboación parada estimada pola EPA e dun 7,9% no do número de desempregados rexistrados nas oficinas de emprego. A medida que o dinamismo da economía galega vai perdendo forza, o paro aumenta considerablemente, de xeito que no derradeiro trimestre do ano, cunha taxa de crecemento interanual do PIB do 0,4%, o desemprego estimado medra un 33,7% en relación ao mesmo período do ano anterior, e o paro rexistrado, un 18,7%. A taxa de paro medrou en Galicia ata o 8,7%, más de dous puntos e medio por riba da media española.

A diferenza do acontecido no ano 2007, o último ano presenta un descenso dos contratos rexistrados, tanto nos de duración indefinida como temporal. Despois do forte impulso da contratación indefinida (contratos iniciais) no ano anterior, cunha medra do 25,1%, esta descendeu un 6,3%. No caso dos contratos iniciais de duración temporal, estes descenderon un 7,8% en relación ao ano 2007 cando aumentaran un 0,5%. Asemade, cómpre salientar a caída do 15,1% no caso das conversións en indefinidos.

No que atinxe ás relacións laborais e a saúde laboral cómpre salientar, dunha banda, a redución da sinistralidade laboral en Galicia, cunha caída do 2,8% do número de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral. Doutra, o forte crecemento experimentado polo número de expedientes de regulación de emprego autorizados e dos traballadores afectados polos mesmos, así como a reducción da conflitividade laboral.

2.1.- Emprego

As incertezas xeradas pola desaceleración no ritmo de creación de emprego e a paulatina redución interanual da caída do desemprego no segundo semestre do ano 2007 deron paso a un contexto caracterizado tanto polo elevado crecemento do desemprego, especialmente na segunda metade do ano 2008, como pola forte ralentización, en termos medios anuais, do crecemento tanto do número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social como da poboación ocupada. Asemade, a diferenza do acontecido no ano 2007, o último ano presenta un descenso dos contratos rexistrados, tanto nos de duración indefinida como temporal, sendo este ano 2008 o único no que desceden os contratos rexistrados.

A modo de resumo, o **cadro 2.1.1.** recolle a evolución ao longo dos últimos dous anos dos principais indicadores do mercado de traballo en Galicia, así como a evolución das taxas de crecemento interanuais do PIB. Tras unha medra da actividade económica galega do 1,8%, máis de dous puntos inferior á rexistrada en 2007, o número de afiliados en alta laboral crece tan só un 0,2% de media e a ocupación o fai nun 0,6%. Por contra, o desemprego presenta un importante incremento medio tanto si se media a través da EPA como do rexistrado nas oficinas de emprego, situándose estas taxas de variación interanual no 16,3% e 7,9%, respectivamente.

No derradeiro trimestre do ano, o incremento do 0,4% da actividade económica foi asociada a un descenso dos dous indicadores da ocupación (2% no caso da Seguridade Social e 0,1% no da poboación ocupada estimada) e a un forte repunte do desemprego,

onde o paro estimado medra un 33,7% e o paro rexistrado nas oficinas de emprego o fai nun 18,7%.

No concernente á ocupación cómpre salientar o incremento da poboación ocupada en 6.700 persoas explícase pola medra da ocupación entre as mulleres, con 12.300 traballadoras, que compensa o descenso da poboación ocupada masculina. Asemade, no último ano estimouse unha elevada caída da ocupación no sector da construcción, que se fai especialmente significativa no segundo semestre do ano. Un terceiro aspecto a destacar é que a diferenza do acontecido en anos anteriores, o incremento de emprego non se concentra no grupo de asalariados, senón que o fixo no de emprendedores sen asalariados, con 7.800 persoas más (os traballadores asalariados medran de media en 2008 en case mil persoas).

En relación aos fluxos de entrada ao mercado de traballo, tralo impulso da contratación indefinida rexistrada en 2007, o último ano presenta unha caída do 6,3% nos contratos iniciais de duración indefinida. A contratación temporal, que no ano anterior medrara tan só un 0,5% redúcese en 2008 un 7,8% respecto ao ano precedente.

Datos de emprego da Seguridade Social

Un dos indicadores do forte impacto negativo da actual crise económica e financeira no mercado de traballo galego é a forte ralentización do ritmo de crecemento do número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social. Se no conxunto do ano 2007 a medra de afiliacións presentou en Galicia o seu valor

Principais indicadores do emprego 2007-2008⁽¹⁾

	2007				2008			
	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.
					(%)			
PIB real	4,0	4,1	4,1	4,1	3,7	1,8	3,1	2,4
Seguridade Social	3,6	4,2	4,1	3,2	3,0	0,2	2,1	0,8
Poboación ocupada	2,5	2,1	3,8	2,0	2,2	0,6	2,1	-0,1
Poboación parada	-8,5	-11,2	-9,7	-6,4	-5,9	16,3	-3,7	0,0
Paro rexistrado	-6,7	-9,6	-8,3	-4,5	-3,6	7,9	-0,2	-0,1
Contratos iniciais indefinidos	25,1					-6,3		
Contratos iniciais temporais	0,5					-7,8		
Contratos convertidos en indefinidos						-15,3		

(1) taxas de variación interanuais

Fonte: Elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE, Ministerio de Trabajo e Inmigración e Seguridad Social

2.1.1.
Afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia e España 2006-08

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia /España	
							(en miles de persoas)	
2006	1.032,5	426,9	129,0	108,1	368,5	18.596,3	5,6	
2007	1.070,1	443,3	132,4	111,3	383,2	19.152,3	5,6	
2008	1.072,5	445,9	133,1	111,4	382,1	19.005,6	5,6	
xaneiro	1.070,1	444,2	132,4	110,8	382,8	19.111,1	5,6	
febreiro	1.075,2	447,0	133,1	111,4	383,7	19.176,2	5,6	
marzo	1.075,1	446,5	133,1	111,3	384,1	19.225,0	5,6	
abril	1.075,4	446,2	133,4	111,6	384,2	19.251,5	5,6	
maio	1.080,6	448,8	133,7	112,0	386,0	19.384,1	5,6	
xuño	1.076,7	446,4	133,2	111,8	385,4	19.184,8	5,6	
xullo	1.090,8	452,1	135,9	112,9	389,8	19.169,8	5,7	
agosto	1.088,0	450,9	135,5	113,2	388,5	19.055,3	5,7	
setembro	1.071,7	445,0	133,1	111,7	382,0	18.837,3	5,7	
outubro	1.063,6	444,2	132,1	110,6	376,7	18.706,4	5,7	
novembro	1.062,2	444,5	131,8	110,3	375,5	18.659,6	5,7	
decembro	1.040,9	435,6	130,1	109,2	366,0	18.305,6	5,7	
(taxas de variación interanual)								
2007	3,6	3,8	2,6	3,0	4,0	3,0		
xaneiro	4,1	4,2	2,9	3,5	4,5	3,5		
febreiro	4,1	4,2	2,8	3,1	4,6	3,5		
marzo	4,5	4,6	3,4	3,9	5,0	3,9		
abril	3,8	3,9	2,7	3,2	4,2	3,0		
maio	3,9	4,1	2,8	3,6	4,1	3,2		
xuño	4,7	4,9	3,8	4,2	4,9	3,8		
xullo	3,5	3,8	2,3	2,5	3,9	2,8		
agosto	3,0	3,4	2,4	2,2	3,2	2,5		
setembro	3,2	3,3	2,1	2,2	3,6	2,6		
outubro	3,1	3,4	1,9	2,2	3,4	2,5		
novembro	3,1	3,5	1,9	2,5	3,1	2,3		
decembro	2,9	3,0	2,0	2,5	3,2	2,3		
2008	0,2	0,6	0,5	0,1	-0,3	-0,8		
xaneiro	2,5	2,7	2,1	1,6	2,7	1,9		
febreiro	2,3	2,7	2,1	1,7	2,2	1,6		
marzo	1,6	1,8	1,4	0,7	1,7	0,7		
abril	1,4	1,6	1,4	0,9	1,4	0,7		
maio	1,3	1,6	1,4	0,7	1,1	0,8		
xuño	-0,2	0,0	0,0	-0,3	-0,4	-0,9		
xullo	0,4	0,7	1,0	0,4	-0,3	-0,7		
agosto	0,7	0,9	1,2	1,0	0,2	0,0		
setembro	-1,3	-0,8	-0,5	-1,1	-2,2	-2,4		
outubro	-1,2	-0,6	-0,3	-0,8	-2,3	-2,7		
novembro	-1,8	-1,1	-0,9	-1,6	-2,9	-3,4		
decembro	-2,9	-2,1	-2,1	-2,2	-4,2	-4,6		

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

2.1.2.

Afiliados en alta laboral na Seguridade Social 2007-08: distribución segundo réxime

2007					
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Réxime Minería do Carbón	90	90	-	-	-
Réxime Xeral	780.981	332.540	83.636	79.032	285.773
Réxime Especial Agrario	52.941	18.845	19.861	5.146	9.089
Réxime Especial Empregados Fogar	19.431	7.903	2.672	2.832	6.024
Réxime Especial Autónomo	190.493	77.022	23.979	24.297	65.195
Réxime Especial do Mar	26.199	6.890	2.220	-	17.089
Total	1.070.135	443.290	132.368	111.307	383.170
2008					
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Réxime Minería do Carbón	34	34	-	-	-
Réxime Xeral	785.727	335.406	85.404	79.637	285.280
Réxime Especial Agrario	4.472	1.348	1.438	375	1.311
Réxime Especial Empregados Fogar	20.406	8.405	2.823	2.893	6.285
Réxime Especial Autónomo	236.438	93.884	41.412	28.501	72.641
Réxime Especial do Mar	25.460	6.870	2.047	-	16.543
Total	1.072.537	445.947	133.124	111.406	382.060
08-07					
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Réxime Minería do Carbón	-62,2	-62,2	(%)		
Réxime Xeral	0,6	0,9	2,1	0,8	-0,2
Réxime Especial Agrario	-91,6	-92,8	-92,8	-92,7	-85,6
Réxime Especial Empregados Fogar	5,0	6,4	5,7	2,2	4,3
Réxime Especial Autónomo	24,1	21,9	72,7	17,3	11,4
Réxime Especial do Mar	-2,8	-0,3	-7,8	-	-3,2
Total	0,2	0,6	0,6	0,1	-0,3

(1) en medias anuais

Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

2.1.3.

máis elevado desde 1999, cun incremento do 3,6%, en 2008 este crecimiento foi tan só de dúas décimas. Do mesmo xeito que no ano anterior, é importante salientar que Galicia presenta un mellor comportamento que o rexistrado de media en España, onde o número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social descendeu un 0,8% respecto á media do ano anterior. En Galicia había en 2008 un total de 1.072.537 persoas afiliadas (media anual), 2.402 altas

máis que no ano precedente, o que supón o 5,6% do total estatal.

O deterioro das taxas de crecemento interanuais experimentadas no segundo semestre do ano 2007 agudizouse ao longo de todo o ano 2008. Os últimos catro meses do ano presentan en Galicia importantes taxas de redución do número de persoas afiliadas en alta laboral, rexistrándose a caída más acusada no

mes de decembro, cun descenso do 2,9% en relación ao mesmo mes do ano anterior.

Pontevedra foi a provincia onde máis se notou o impacto da crise, tal como indican os datos recollidos no **cadro 2.1.3..** Se en 2007 foi a provincia coa maior taxa de crecemento, cun 4,0% respecto á media do ano precedente, en 2008 foi a única provincia galega onde se reduciu o número de persoas en alta laboral afiliados á Seguridade Social, con 1.110 afiliacións menos (0,3%). Por contra, A Coruña presenta unha medra de 2.657 persoas, e Lugo e Ourense, de 756 e 99 afiliacións, respectivamente.

Setenta e tres de cada cen traballadores afiliados en alta laboral o estaban no réxime xeral e vinte e dous de cada cen, no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos. En termos absolutos, un total de 785.727 persoas estaban afiliados no réxime xeral, 4.746 persoas máis que no ano anterior, e 236.438 traballadores o estaban no réxime especial de autónomos, case 46.000 máis que no ano precedente. Este incremento, unido á forte caída dos traballadores afiliados ao réxime especial agrario (48.469 afiliados menos que en 2007), explícase pola entrada en vigor da Lei estatal 18/2007, de 4 de xullo, pola que se procede á integración (con efectos de 1 de xaneiro de 2008) dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario da Seguridade Social no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

Emprego segundo a EPA

O deterioro das taxas de crecemento interanuais da

ocupación e do desemprego iniciadas no segundo semestre do ano 2007 continuou ao longo do ano 2008, sendo especialmente significativo no terceiro e cuarto trimestre do último ano. A diferenza do estimado para o conxunto de 2007, cando medra a taxa de ocupación e descende a taxa de desemprego en Galicia, cómpre salientar que en 2008 mantense praticamente constante a taxa de ocupación mentres que a taxa de paro incrementouse en máis dun punto porcentual no conxunto do ano. Segundo os datos da EPA, a taxa de ocupación situouse no 50,3% da poboación maior de 16 anos e a taxa de paro no 8,7% da poboación activa.

A ocupación media estimada en Galicia ascendeu en 2008 ata as 1.200.100 persoas, tan só 6.700 persoas más que no ano anterior (0,6%), o que reflicte que o último ano foi bastante plano no que ao seu crecemento se refire. Estes datos son moi inferiores aos estimados no ano anterior cando a ocupación medrara en 29.200 persoas, un 2,5% máis que no ano precedente. Atendendo á evolución ao longo do ano, os datos reflectidos no **cadro 2.1.7.** amosan que agás o primeiro trimestre, cunha taxa de variación interanual similar á do ano precedente, no resto do ano as taxas son moi inferiores, acadando incluso valores negativos no derradeiro trimestre do ano.

Esta evolución do mercado de traballo galego ven explicada, en parte, polo comportamento do emprego feminino, xa que en 2008 o número de mulleres ocupadas medrou en torno ás 12.300 persoas, en tanto que a ocupación entres os homes descendeu nuns 5.600 traballadores, este comportamento dispar

Poboación maior de 16 anos en Galicia e España 2008: distribución segundo sexo e a súa relación coa actividade económica

Ámbulos dous性os

	Poboación > 16 anos	Activos	Ocupados	Parados	na procura 1º emprego	Inactivos	Taxa actividad	Taxa ocupación	Taxa paro
Galicia	2.387,7	1.314,8	1.200,1	114,8	10,1	1.072,9	55,1	50,3	8,7
A Coruña	980,7	551,3	502,2	49,3	4,8	429,3	56,2	51,2	8,9
Lugo	309,3	154,1	144,5	9,6	1,3	155,2	49,8	46,7	6,2
Ourense	290,9	144,6	135,4	9,1	1,1	146,3	49,7	46,6	6,3
Pontevedra	806,9	464,8	418,0	46,8	3,0	342,1	57,6	51,8	10,1
España	38.207,9	22.848,3	20.257,6	2.590,6	231,7	15.359,6	59,8	53,0	11,3
Galicia / España	6,2	5,8	5,9	4,4	4,4	7,0			
Galicia 08/07	0,3	4,8	0,6	16,3	-	18,8	-	1,5	
España 08/07	1,5	3,0	-	0,5	41,3	17,0	-	0,7	

Varóns

	Poboación > 16 anos	Activos	Ocupados	Parados	na procura 1º emprego	Inactivos	Taxa actividad	Taxa ocupación	Taxa paro
Galicia	1.140,6	726,4	672,7	53,7	3,5	414,1	63,7	59,0	7,4
A Coruña	465,6	303,6	280,5	23,1	1,8	162,0	65,2	60,2	7,6
Lugo	149,8	85,5	81,6	3,9	0,4	64,2	57,1	54,5	4,5
Ourense	141,1	81,0	76,8	4,2	0,4	60,2	57,4	54,4	5,2
Pontevedra	384,1	256,4	233,8	22,6	0,9	127,8	66,7	60,9	8,8
España	18.752,2	13.031,7	11.720,7	1.311,0	92,4	5.720,5	69,5	62,5	10,1
Galicia / España	6,1	5,6	5,7	4,1	3,8	7,2			
Galicia 08/07	0,3	1,0	-	0,8	30,5	-	28,9	-	0,8
España 08/07	1,5	1,8	-	2,2	60,8	20,5	-	0,7	

Mulleres

	Poboación > 16 anos	Activos	Ocupados	Parados	na procura 1º emprego	Inactivos	Taxa actividad	Taxa ocupación	Taxa paro
Galicia	1.247,1	531,4	527,3	61,1	6,9	658,7	42,6	42,3	11,5
A Coruña	515,1	247,8	221,6	26,2	3,0	267,3	48,1	43,0	10,6
Lugo	159,6	68,6	62,9	5,7	0,9	91,0	43,0	39,4	8,3
Ourense	149,7	6,6	58,6	5,0	0,8	86,1	4,4	39,1	75,7
Pontevedra	422,8	208,5	184,2	24,3	2,2	214,3	49,3	43,6	11,6
España	19.455,7	9.816,5	8.537,0	1.279,6	139,4	9.639,2	50,5	43,9	13,0
Galicia / España	6,4	5,4	6,2	4,8	5,0	6,8			
Galicia 08/07	0,2	2,8	2,4	6,2	-	12,7	-	1,9	
España 08/07	1,4	4,6	2,0	25,6	14,8	-	1,6		

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

**Taxas de actividad, ocupación e paro en Galicia e España 2007-08:
distribución segundo sexo**

Ámbolos dous sexos

	Galicia			España		
	actividad	ocupación	paro	actividad	ocupación	paro
	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)
2007	54,3	50,1	7,6	58,9	54,0	8,3
1º trimestre	53,8	49,0	8,8	58,6	53,6	8,5
2º trimestre	54,4	50,3	7,6	58,9	54,2	8,0
3º trimestre	54,7	51,0	6,7	59,1	54,4	8,0
4º trimestre	54,2	50,2	7,5	59,1	54,0	8,6
2008	55,1	50,3	8,7	59,8	53,0	11,3
1º trimestre	54,4	49,9	8,4	59,4	53,6	9,6
2º trimestre	54,9	50,3	8,3	59,8	53,5	10,4
3º trimestre	55,6	50,9	8,5	60,0	53,2	11,3
4º trimestre	55,4	50,0	9,7	60,1	51,8	13,9
Varóns						
	Galicia			España		
	actividad	ocupación	paro	actividad	ocupación	paro
	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)
2007	63,3	59,7	5,7	69,3	64,9	6,4
1º trimestre	63,0	59,1	6,1	68,9	64,6	6,3
2º trimestre	63,3	59,8	5,4	69,3	65,1	6,1
3º trimestre	63,4	59,8	5,8	69,6	65,3	6,2
4º trimestre	63,6	60,0	5,6	69,2	64,5	6,8
2008	63,7	59,0	7,4	69,5	62,5	10,1
1º trimestre	63,9	59,2	7,4	69,3	63,9	7,9
2º trimestre	63,7	59,6	6,4	69,6	63,3	9,1
3º trimestre	63,8	59,4	7,0	69,8	62,6	10,3
4º trimestre	63,3	57,8	8,8	69,2	60,2	13,0
Mulleres						
	Galicia			España		
	actividad	ocupación	paro	actividad	ocupación	paro
	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)
2007	46,0	41,4	10,1	48,9	43,6	10,9
1º trimestre	45,4	39,9	12,2	48,6	43,1	11,4
2º trimestre	46,3	41,5	10,3	48,8	43,7	10,5
3º trimestre	46,7	43,0	7,9	49,0	43,8	10,5
4º trimestre	45,7	41,2	9,8	49,4	43,9	11,0
2008	47,2	42,3	10,4	50,5	43,9	13,0
1º trimestre	45,7	41,4	9,5	49,7	43,8	12,0
2º trimestre	46,8	41,8	10,7	50,3	44,1	12,3
3º trimestre	48,0	43,1	10,3	50,5	44,1	12,7
4º trimestre	48,2	43,0	10,9	51,4	43,6	15,1

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

Poboación maior de 16 anos en Galicia e España 2008: distribución segundo sexo, idade e a súa relación coa actividade económica

	Galicia			España			Galicia / España		
	Total	Varóns	Mulleres	Total	Varóns	Mulleres	Total	Varóns	Mulleres
Pob. de 16-19 anos									
Total	99,3	50,8	48,5	1.840,6	946,1	894,5	5,4	5,4	5,4
Activos	21,9	14,5	7,4	535,6	310,0	225,6	4,1	4,7	3,3
Ocupados	14,9	10,5	4,5	324,5	199,2	125,3	4,6	5,2	3,6
Parados	7,0	4,1	2,9	211,1	110,8	100,3	3,3	3,7	2,9
Na procura 1º emprego	2,9	1,6	1,3	93,8	45,4	48,4	3,1	3,6	2,7
Inactivos	77,5	36,3	41,2	1.305,1	636,0	669,0	5,9	5,7	6,2
Pob. de 20-24 anos									
Total	154,3	78,3	76,0	2.749,5	1.404,6	1.345,0	5,6	5,6	5,6
Activos	93,4	53,0	40,4	1.872,4	1.020,7	851,7	5,0	5,2	4,7
Ocupados	76,0	44,1	31,9	1.490,5	816,0	674,5	5,1	5,4	4,7
Parados	17,5	8,9	8,6	381,9	204,6	177,3	4,6	4,3	4,8
Na procura 1º emprego	2,8	0,9	2,0	58,2	23,3	34,9	4,9	3,6	5,7
Inactivos	60,9	25,4	35,5	877,2	383,9	493,2	6,9	6,6	7,2
Pob. de 25-54 anos									
Total	1.226,4	611,6	614,8	21.335,5	10.867,5	10.468,0	5,7	5,6	5,9
Activos	1.030,0	558,5	471,5	17.885,9	10.063,6	7.822,3	5,8	5,5	6,0
Ocupados	949,0	522,1	427,0	16.067,6	9.168,2	6.899,4	5,9	5,7	6,2
Parados	81,0	36,5	44,5	1.818,4	895,5	922,9	4,5	4,1	4,8
Na procura 1º emprego	4,0	1,0	3,0	75,0	23,6	51,4	5,3	4,1	5,9
Inactivos	196,3	53,1	143,2	3.449,6	804,0	2.645,7	5,7	6,6	5,4
Pob. maior de 55 anos									
Total	907,7	399,8	507,9	12.282,2	5.534,0	6.748,2	7,4	7,2	7,5
Activos	169,5	100,5	69,1	2.554,4	1.637,4	917,0	6,6	6,1	7,5
Ocupados	160,2	96,1	64,1	2.375,1	1.537,3	837,8	6,7	6,3	7,6
Parados	9,3	4,3	5,0	179,3	100,1	79,2	5,2	4,3	6,3
Na procura 1º emprego	0,4	-	0,4	4,7	0,2	4,6	-	-	-
Inactivos	738,2	299,4	438,8	9.727,8	3.896,6	5.831,3	7,6	7,7	7,5
Pob. > 16 anos									
Total	2.387,6	1.140,5	1.247,1	38.207,8	18.752,1	19.455,7	6,2	6,1	6,4
Activos	1.314,8	726,4	588,4	22.848,2	13.031,7	9.816,6	5,8	5,6	6,0
Ocupados	1.200,1	672,7	527,4	20.257,6	11.720,7	8.536,9	5,9	5,7	6,2
Parados	114,7	53,7	61,0	2.590,7	1.311,0	1.279,7	4,4	4,1	4,8
Na procura 1º emprego	10,1	3,45	6,7	231,7	92,4	139,3	4,4	3,7	4,8
Inactivos	1.072,8	414,2	658,7	15.359,6	5.720,5	9.639,2	7,0	7,2	6,8

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

2.1.6.

pode explicarse como consecuencia de que a crise económica afectou en maior medida a sectores económicos historicamente moi masculinizados. Tras esta evolución, o número de mulleres con emprego sitúase nas 527.400 persoas, unhas 145.000 menos que o de homes.

Todo o incremento da poboación ocupada centrouse en dous grupos de idade, o das persoas cunha idade comprendida entre os 35 e 44 anos e no dos maiores de 55 anos. En termos absolutos, a ocupación nestes dous grupos medrou en 13.300 e 6.700 persoas, respectivamente. Por contra, os grupos máis prexudica-

Poboación activa, ocupada, asalariada e parada en Galicia e España 2007-08: distribución segundo sexo

Ámbolos dous sexos

	Galicia				España			
	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación asalariada	Poboación parada	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación asalariada	Poboación parada
(taxa de variación interanual)								
2007	1,6	2,5	3,5	-8,5	2,8	3,1	3,4	-0,2
1º trimestre	0,7	2,1	3,8	-11,2	2,8	3,4	3,9	-4,1
2º trimestre	2,6	3,8	4,9	-9,7	2,8	3,4	4,1	-4,2
3º trimestre	1,4	2,0	3,9	-6,4	3,0	3,1	3,1	1,5
4º trimestre	1,5	2,2	1,5	-5,9	2,7	2,4	2,5	6,5
2008	1,8	0,6	0,1	16,3	3,0	-0,5	-0,5	41,3
1º trimestre	1,5	2,1	1,7	-3,7	3,0	1,7	1,8	17,1
2º trimestre	1,2	0,4	-1,3	11,3	3,1	0,3	0,4	35,3
3º trimestre	1,9	0,0	-1,4	28,5	2,9	-0,8	-0,7	45,0
4º trimestre	2,4	-0,1	1,4	33,7	2,9	-3,0	-3,4	66,4

Varóns

	Galicia				España			
	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación asalariada	Poboación parada	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación asalariada	Poboación parada
(taxa de variación interanual)								
2007	2,2	2,6	3,0	-3,9	2,1	2,1	2,2	3,0
1º trimestre	1,8	3,1	5,5	-15,0	1,9	2,4	2,8	-5,5
2º trimestre	2,4	3,1	3,7	-8,3	2,3	2,6	3,2	-1,9
3º trimestre	1,6	1,4	2,3	5,3	2,1	1,9	1,7	5,3
4º trimestre	2,9	2,7	0,5	6,6	2,2	1,4	1,2	15,1
2008	1,0	-0,8	-2,3	30,5	1,8	-2,2	-2,5	60,8
1º trimestre	1,9	0,6	-1,2	23,3	2,3	0,6	0,3	27,3
2º trimestre	1,1	0,0	-2,8	20,4	2,0	-1,2	-1,5	51,5
3º trimestre	1,0	-0,3	-2,6	22,7	1,7	-2,7	-3,0	69,0
4º trimestre	-0,2	-3,5	-2,4	55,9	1,2	-5,5	-6,0	92,1

Mulleres

	Galicia				España			
	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación asalariada	Poboación parada	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación asalariada	Poboación parada
(taxa de variación interanual)								
2007	0,8	2,4	4,2	-11,5	3,7	4,5	5,0	-2,6
1º trimestre	-0,5	0,7	1,5	-8,6	4,0	5,0	5,5	-3,1
2º trimestre	2,9	4,7	6,4	-10,6	3,4	4,6	5,4	-6,0
3º trimestre	1,1	2,8	5,9	-15,0	4,1	4,8	4,9	-1,4
4º trimestre	-0,1	1,5	2,8	-13,1	3,4	3,8	4,2	0,1
2008	2,8	2,4	3,2	6,2	4,6	2,0	2,3	25,6
1º trimestre	1,0	4,1	5,7	-20,9	3,9	3,2	3,9	9,4
2º trimestre	1,4	0,9	0,8	5,6	4,6	2,5	3,0	22,4
3º trimestre	2,9	0,3	0,2	33,9	4,5	2,0	2,2	25,7
4º trimestre	5,7	4,5	6,3	17,5	5,3	0,4	0,0	44,9

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

dos pola ralentización económica foron os máis xoves, xa que a poboación ocupada descendeu en máis de nove mil persoas no caso dos menores de 24 anos. Asemade, a ocupación reduciuse en case 3.200 persoas no caso dos traballadores con idade comprendida entre os 35 e 44 anos.

Ao analizar a evolución sectorial da ocupación, se observa que en 2008 o emprego se sostivo por mor do comportamento do sector servizos, que experimentou unha medra de case 30.700 persoas no conxunto do ano. En termos absolutos estas actividades dan traballo a 756.400 persoas, o que representa o 63% do emprego en Galicia. Por contra, a crise rexistrada no sector inmobiliario conlevou a unha caída en torno ás 13.300 persoas no sector da construcción, sendo a redución da ocupación no sector industrial dunhas 1.400 persoas. Asemade, tal e como reflecte o **cadro 2.1.8.**, no último ano continuou o forte proceso de destrución do emprego no sector primario.

Atendendo á desagregación segundo ramas de actividade, as caídas más importantes, en termos porcentuais, rexistráronse no subsector de industrias da madeira e da cortiza, cun descenso da poboación ocupada do 18,8%, nas industrias relacionadas coa actividade téxtil, cun 14,6%, na construcción, cun 10,5%, e na agricultura, gandería, caza e silvicultura, co 8,2%. Por contra, as medras más importantes, producíronse, no sector terciario, onde salientan as actividades de "venda, mantemento e reparación de vehículos de motor. Gasolineiras" e educación, cun 17,5% e 14%, respectivamente.

Os datos trimestrais reflicten o desigual impacto da

crise ao longo ano. Dunha banda, cómpre salientar a caída da ocupación no sector da construcción a partir do segundo trimestre do ano, sendo especialmente significativa no terceiro e cuarto trimestre, con descensos do 11,1% e de case o 20%, respectivamente. A actividade industrial presenta unha caída do número de traballadores no primeiro e cuarto trimestre do ano, en tanto que o emprego agrario segue amosando a súa caída no emprego en todos os trimestres do ano. Pola contra, ao igual que en anos anteriores o emprego continúa medrando ao longo de todo o ano no conxunto das actividades do sector servizos.

A diferenza do acontecido en anos anteriores, a creación de emprego en 2008 non se concentró nos asalariados, senón que o fixo no grupo de emprendedores sen asalariados, con 7.800 persoas ocupadas máis. Por contra, o número de asalariados medrou en case mil persoas, como resultado dun incremento de 4.100 asalariados no sector público e un descenso das persoas asalariadas no sector privado.

No ano 2008 traballaron por conta allea un total de 923.000 persoas, das que o 55,2% son homes. A diferenza do acontecido no ano precedente, cómpre salientar o incremento do número de mulleres asalariadas (12.700 persoas) en contraposición coa caída de asalariados no caso dos homes (11.800 traballadores).

Atendendo á súa ocupación, os datos reflectidos no devandito **cadro 2.1.8.** amosa que o emprego nos postos directivos (empresas e administración) medrou en case once mil persoas, sendo esta medra en torno ás 5.200 persoas no caso dos técnicos e profesionais

Poboación ocupada 2008: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, ocupación, grupos de idade e nivel de formación acadado

	Galicia			Galicia/España			08/07		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)			(%)			(%)		
Total	672,8	527,4	1.200,1	5,7	6,2	5,9	-	0,8	2,4
Sectores económicos									0,6
Agricultura e pesca	56,6	37,2	93,8	9,5	16,8	11,5	-	5,8	13,3
Industria	153,4	62,6	215,9	6,3	8,0	6,7	-	0,7	0,4
Construcción	123,6	10,5	134,1	5,4	6,1	5,5	-	9,1	7,5
Servizos	339,2	417,2	756,4	5,3	5,7	5,5	-	3,5	4,9
Situación profesional									
Traballadores por conta propia	163,3	113,1	276,4	6,7	10,0	7,8	-	4,2	0,6
Empleador	59,1	27,5	86,6	6,8	9,2	7,4	-	3,6	8,0
Empresarios sen asalariados	92,8	75,0	167,8	6,5	10,9	7,9	-	9,1	-
Membros cooperativas	1,6	1,2	2,8	3,8	5,1	4,3	-	75,7	13,2
Axudas familiares	9,8	9,4	19,2	11,1	7,8	9,2	-	3,4	22,2
Asalariados	509,3	413,7	923,0	5,5	5,6	5,5	-	2,3	3,2
Sector público	88,4	107,0	195,3	6,4	6,8	6,6	-	0,6	4,5
Sector privado	420,9	306,8	727,7	5,3	5,3	5,3	-	2,6	2,7
Outra situación	0,2	0,6	0,8	2,1	14,6	6,3	-	70,8	109,1
Ocupación									
Posto directivo (empresa e Admón.)	61,8	43,0	104,9	5,9	8,6	6,7	-	11,2	12,0
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	66,3	81,0	147,4				-		
Técnicos e profesionais de apoio	76,6	60,4	137,0	5,5	5,9	5,7	-	5,7	2,0
Administrativos	28,1	62,1	90,2	4,5	5,1	5,6	-	4,7	2,0
Trab. servizos restauración, persoais, protección, vendedor comercio	58,7	121,6	180,3				-		
Trab. cualificado no sector primario	46,4	33,2	79,6	12,0	31,9	16,2	-	1,1	1,7
Trab. cualificado na ind. manufactureira, construcción, minaría, agás operadores	179,7	22,0	201,7	6,0	11,7	6,4	-	3,1	12,2
Operadores	95,0	22,0	117,0	5,9	8,7	6,2	-	6,2	2,5
Non cualificados	53,3	80,9	134,3	4,2	4,9	4,6	-	10,6	9,0
Forzas armadas	6,8	1,1	7,9	7,7	12,7	8,2	-	7,5	10,7
16-19 anos	10,5	4,5	14,9	5,2	3,6	4,6	-	22,3	18,3
20-24 anos	44,1	31,9	76,0	5,4	4,7	5,1	-	9,6	0,9
25-34 anos	181,4	161,6	343,0	5,6	6,2	5,8	-	2,6	2,3
35-44 anos	185,0	151,0	336,0	5,6	6,2	5,8	-	2,7	5,9
45-54 anos	155,6	114,4	270,1	6,0	6,2	6,1	-	0,0	4,1
55 e más anos	96,1	64,1	160,2	6,3	7,6	6,7	-	2,1	2,6
2,6	7,9	4,3	2,6	6,9	4,1	4,0	-	27,2	12,0
Grupos de idade									
Analfabetos	1,3	0,6	1,9	2,5	2,5	2,5	-	38,9	212,5
Educación primaria	86,0	64,5	150,5	4,6	6,3	5,2	-	17,1	7,6
Educación secundaria	385,6	258,3	643,9	6,2	6,1	6,2	-	1,3	4,6
Primerha etapa	244,1	147,4	391,5	6,9	7,3	7,0	-	1,9	3,5
Segunda etapa	141,6	110,9	252,4	5,2	5,1	5,2	-	0,2	2,5
Educación superior, agás doutorado	195,4	201,5	396,9	5,7	6,3	6,0	-	3,2	2,9
Doutorado	4,3	2,6	6,9	4,1	4,0	4,1	-	27,2	12,0
Nivel de formación acadado									
16-19 anos	10,5	4,5	14,9	5,2	3,6	4,6	-	22,3	18,3
20-24 anos	44,1	31,9	76,0	5,4	4,7	5,1	-	9,6	0,9
25-34 anos	181,4	161,6	343,0	5,6	6,2	5,8	-	2,6	2,3
35-44 anos	185,0	151,0	336,0	5,6	6,2	5,8	-	2,7	5,9
45-54 anos	155,6	114,4	270,1	6,0	6,2	6,1	-	0,0	4,1
55 e más anos	96,1	64,1	160,2	6,3	7,6	6,7	-	2,1	2,6
2,6	7,9	4,3	2,6	6,9	4,1	4,0	-	27,2	12,0

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

Poboación ocupada en Galicia e España 2006-08: distribución segundo sector

	Galicia				España			
	Sector primario	Industria	Construcción	Servizos	Sector primario	Industria	Construcción	Servizos
(en miles de persoas)								
2006	110,9	213,9	138,9	700,5	944,3	3.292,1	2.542,9	12.968,4
1º trimestre	113,0	202,1	132,4	695,0	984,8	3.273,6	2.436,7	12.705,0
2º trimestre	109,6	211,7	136,2	695,3	957,4	3.286,9	2.521,7	12.927,1
3º trimestre	113,0	214,7	144,3	719,2	913,1	3.288,1	2.590,1	13.104,4
4º trimestre	107,9	227,3	142,9	692,5	921,8	3.319,8	2.623,2	13.137,0
2007	103,1	217,3	147,3	725,7	925,5	3.261,8	2.697,4	13.471,3
1º trimestre	103,5	225,8	141,1	695,6	990,0	3.265,3	2.664,7	13.149,3
2º trimestre	107,0	211,1	147,8	730,4	921,0	3.243,8	2.713,7	13.488,7
3º trimestre	104,9	213,8	147,8	748,6	885,3	3.258,9	2.717,5	13.648,8
4º trimestre	97,0	218,7	152,4	728,0	905,8	3.279,1	2.693,5	13.598,5
2008	93,8	215,9	134,1	756,4	818,9	3.198,9	2.453,4	13.786,4
1º trimestre	94,6	217,6	142,2	735,6	863,7	3.313,4	2.670,3	13.554,8
2º trimestre	91,3	220,7	140,5	748,3	820,8	3.244,3	2.549,5	13.810,6
3º trimestre	99,7	215,6	131,4	767,8	787,3	3.195,2	2.413,2	13.950,7
4º trimestre	89,5	209,6	122,1	773,8	803,8	3.042,7	2.180,7	13.829,6
(taxa de variación interanual)								
2006	-8,3	-1,6	11,1	5,1	-5,6	0,4	7,9	5,1
1º trimestre	-12,5	-7,4	14,3	7,1	-3,2	0,5	7,3	6,3
2º trimestre	-11,1	-2,2	12,5	6,6	-3,0	0,7	7,8	5,0
3º trimestre	-6,7	-4,1	8,6	5,9	-8,0	-0,7	8,1	4,9
4º trimestre	-2,2	7,8	9,6	1,0	-8,4	1,0	8,3	4,3
2007	-7,0	1,6	6,0	3,6	-2,0	-0,9	6,1	3,9
1º trimestre	-8,4	11,7	6,6	0,1	0,5	-0,3	9,4	3,5
2º trimestre	-2,4	-0,3	8,5	5,0	-3,8	-1,3	7,6	4,3
3º trimestre	-7,2	-0,4	2,4	4,1	-3,0	-0,9	4,9	4,2
4º trimestre	-10,1	-3,8	6,6	5,1	-1,7	-1,2	2,7	3,5
2008	-9,0	-0,7	-9,0	4,2	-11,5	-1,9	-9,0	2,3
1º trimestre	-8,6	-3,6	0,8	5,8	-12,8	1,5	0,2	3,1
2º trimestre	-14,7	4,5	-4,9	2,5	-10,9	0,0	-6,1	2,4
3º trimestre	-5,0	0,8	-11,1	2,6	-11,1	-2,0	-11,2	2,2
4º trimestre	-7,7	-4,2	-19,9	6,3	-11,3	-7,2	-19,0	1,7

Fonte: IGE e INE

2.1.9.

científicos e intelectuais. Por contra, os maiores descensos rexistráronse no caso do “traballo cualificado na industria manufactureira, construcción, minaría, agás operadores”, con 8.200 ocupados menos, e no “traballo cualificado no sector primario”, con 3.200 persoas menos.

O 33,1% da poboación ocupada galega presenta estudos superiores (agás doutoramento) e o 32,6% dos

ocupados, estudios secundarios (primeira etapa). Ao igual que en anos anteriores, o número de mulleres con estudos superiores segue sendo máis alto que o dos homes, representando o 38,2% das mulleres ocupadas e o 29% da poboación ocupada masculina.

O maior incremento do emprego en relación ao ano anterior volve a presentarse nos niveis educativos superiores, en detrimento da caída do emprego que

Poboación activa (1) nas CC.AA. 2007-08: distribución segundo sexo e nível de estudos

	2007											
	Analíbatos			Educación primaria			Educación secundaria			Formación e inserción laboral		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Andalucía	0,5	0,6	0,5	21,7	15,6	19,3	54,8	51,9	53,6	0,1	0,1	0,1
Aragón	0,4	0,5	0,4	14,9	12,5	13,9	52,2	46,7	49,9	-	-	31,8
Asturias	0,2	0,1	0,2	13,2	13,2	13,2	54,4	47,2	51,2	0,1	-	35,1
Baleares	0,6	0,4	0,6	17,4	12,6	15,4	62,4	60,8	61,7	-	-	39,1
Canarias	0,3	0,2	0,3	22,3	14,5	19,0	53,8	53,9	53,9	0,2	0,3	22,8
Cantabria	0,1	0,2	0,1	15,0	11,1	13,3	52,0	46,3	49,5	0,1	-	32,0
Castela A Mancha	0,4	0,3	0,4	22,9	16,4	20,4	55,7	51,9	54,2	-	-	32,0
Castela e León	0,1	0,1	0,1	20,3	12,5	17,0	52,0	46,1	49,7	0,1	0,1	26,9
Cataluña	0,5	0,4	0,5	18,4	14,2	16,6	52,7	50,2	51,6	0,1	0,1	27,7
C. Valenciana	0,3	0,3	0,3	14,9	11,6	13,5	59,7	55,8	58,1	-	-	24,3
Estreñadura	0,7	0,5	0,7	14,1	10,2	12,6	64,8	55,7	61,2	0,1	0,1	19,6
Galicia	0,1	0,1	0,1	15,4	13,7	14,7	56,1	48,8	52,9	-	-	27,7
Madrid	0,2	0,3	0,3	12,6	9,3	11,1	48,6	47,1	48,0	0,2	0,2	37,0
Murcia	1,2	0,4	1,2	19,7	15,6	18,1	56,2	54,4	55,5	0,1	0,1	21,6
Navarra	0,2	0,2	0,2	12,3	9,9	11,3	49,5	44,7	47,5	-	-	37,1
País Vasco	0,1	0,2	0,1	9,7	9,1	9,4	44,2	40,7	42,6	-	-	45,3
Rioxa	0,1	-	0,1	18,8	16,5	17,9	50,7	46,6	49,0	0,2	0,1	29,3
Ceuta	1,6	2,4	1,6	20,6	15,0	18,6	61,3	54,8	59,0	-	-	16,7
Mellila	1,0	2,1	1,0	19,3	9,7	15,6	57,8	57,2	57,6	-	-	22,4
Total	0,4	0,3	0,4	17,3	12,9	15,4	53,8	50,2	52,3	0,1	0,1	27,7

	2008											
	Analíbatos			Educación primaria			Educación secundaria			Formación e inserción laboral		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Andalucía	0,6	0,7	0,6	20,3	15,0	18,1	55,5	53,1	54,5	0,1	0,1	22,8
Aragón	0,1	0,3	0,2	15,9	13,8	15,0	52,2	48,1	50,5	-	-	30,7
Asturias	0,1	0,1	0,1	11,1	9,9	10,6	56,0	48,8	52,7	0,2	0,1	31,2
Baleares	0,3	0,3	0,3	10,5	13,3	66,1	63,9	65,2	-	-	17,9	21,0
Canarias	0,4	0,2	0,4	23,0	15,6	19,8	54,2	54,6	54,4	0,1	0,1	24,9
Cantabria	-	-	-	11,2	9,4	10,5	55,1	47,8	51,9	-	-	32,6
Castela A Mancha	0,6	0,6	0,6	23,5	16,5	20,7	55,9	52,2	54,5	0,1	0,1	19,5
Castela e León	0,2	0,2	0,2	19,0	13,0	16,5	52,9	44,4	49,3	0,1	0,1	27,1
Cataluña	1,0	1,0	1,0	19,9	15,0	17,8	50,5	49,1	49,9	-	-	28,0
C. Valenciana	0,4	0,4	0,4	17,9	13,3	16,0	56,6	53,8	55,4	-	-	24,3
Estreñadura	0,9	0,9	0,9	13,9	10,5	12,6	63,9	61,5	61,5	-	-	21,0
Galicia	0,2	0,2	0,2	13,1	12,2	12,7	57,7	49,8	54,2	-	-	28,4
Madrid	0,1	0,1	0,2	11,3	9,0	10,3	49,8	48,4	49,2	0,2	0,2	36,8
Murcia	2,3	2,3	2,3	21,9	16,8	19,8	52,7	52,4	52,6	-	-	22,4
Navarra	0,2	0,2	0,2	11,8	8,3	10,3	53,0	47,1	50,5	0,2	0,1	34,4
País Vasco	0,3	0,3	0,2	7,7	7,2	7,5	47,0	43,1	45,3	-	-	44,1
Rioxa	0,4	0,4	0,3	17,6	12,4	15,4	53,4	49,1	51,7	0,2	0,1	28,1
Ceuta	0,7	1,2	1,0	17,0	17,4	17,2	59,1	53,2	56,9	-	-	22,5
Mellila	2,2	2,2	3,2	22,3	16,1	20,1	52,7	48,8	51,2	-	-	22,6
Total	0,5	0,5	0,5	17,2	12,8	15,3	53,8	50,6	52,4	0,1	0,1	27,7

(1) porcentaxe de activos con respecto ó total
 Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

2.1.10.

afecta ás persoas cunha formación de estudos primarios. Mientras que o número de persoas con estudos superiores, agás doutoramento, medrou en torno ás 11.800 persoas (3,1% en relación ao ano anterior) o das persoas con estudos primarios descendeu en máis de 23.000 persoas (13,3%).

Un último aspecto a ter en conta é ver se a forte ralentización económica afectou de xeito moi desigual á ocupación da poboación española e estranxeira. Ao igual que no conxunto do Estado, o ano 2008 presenta un descenso do número de ocupados españoles e unha medra da ocupación entre os traballadores de nacionalidade estranxeira. O incremento da poboación ocupada en Galicia e 6.800 persoas é resultado dunha caída próxima a 2.000 persoas de nacionalidade española e un incremento en 8.700 traballadores estranxeiros (8.900 no caso das persoas non pertenecentes á UE-27).

Cómpre salientar que mentres que entre a poboación estranxeira o número de novos ocupados homes e mulleres é praticamente similar (4.400 e 4.300 persoas más, respectivamente), no caso da poboación ocupada de nacionalidade española este medra en oito mil persoas no caso das mulleres e descende en torno ás dez mil persoas no caso dos homes.

Se se considera a taxa de ocupación, esta permanece praticamente constante entre os ocupados de nacionalidade española (49,7%) en tanto que esta ratio volve a aumentar no caso da poboación estranxeira, e se sitúa no 64,5% (61,2% o ano anterior). Entre os ocupados de nacionalidade estranxeira este índice

situouse no 70,6% no caso dos homes (nove décimas menos que en 2007) e no 59,1% no das mulleres (5,8 puntos más que no ano precedente). Entre a poboación española, a taxa de ocupación dos homes descede ata o 58,6% (oito décimas menos) e o das mulleres medra sete décimas ata o 41,6%.

Análise da temporalidade

No ano 2008 continuou o proceso de redución da elevada taxa de temporalidade, que se sitúa no 30,6%, un punto e tres décimas por riba da media española. A diferenza do que acontece no ano 2007, este descenso tan só se produce no sector privado, onde a proporción de asalariados con contrato de duración temporal sobre o total de asalariados acada o 31,5% (1,5 puntos inferior á do ano anterior).

Nembargantes, é preciso salientar que a redución da taxa de temporalidade no emprego non ten carácter positivo cando, coma neste caso, é consecuencia en grande medida da non renovación de contratos e, polo tanto, da destrución de emprego.

Como reflicte o **cadro 2.1.11.**, a caída en case tres mil persoas do número de asalariados no sector privado explícase pola caída de asalariados con contrato temporal (12.200 persoas) que superou a medra en 9.200 traballadores asalariados con contrato indefinido. Por contra, no sector público, onde a taxa de temporalidade medra ata o 27,5% (2,6 puntos más que en 2007), os asalariados con contrato temporal aumenta en seis mil persoas, descendendo en dous mil no caso dos asalariados con contrato indefinido.

Asalariados e taxa de temporalidade en Galicia e España 2007-08: distribución segundo tipo de contrato, sector e sexo

	2007							
	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade	
	Sector público	Sector privado	Sector público	Sector privado	Sector público	Sector privado	Sector público	Sector privado
(en miles de persoas)								
Galicia	143,6	489,4	47,7	241,4	191,3	730,8	24,9	33,0
A Coruña	71,1	205,4	16,1	100,1	87,2	305,5	18,5	32,8
Lugo	15,8	48,0	7,0	19,8	22,8	67,8	30,7	29,2
Ourense	17,1	52,7	9,2	24,9	26,3	77,6	35,0	32,1
Pontevedra	39,6	183,3	15,4	96,6	55,0	279,9	28,0	34,5
Galicia							(%)	
Homes	71,5	290,3	17,5	141,8	89,0	432,1	19,7	32,8
Mulleres	72,1	199,0	30,2	99,6	102,3	298,6	29,5	33,4
España	2.164,2	9.289,0	748,8	4.558,1	2.913,0	13.847,1	25,7	32,9
Homes	1.130,0	5.481,4	261,8	2.648,7	1.391,7	8.130,1	18,8	32,6
Mulleres	1.034,2	3.807,6	487,1	1.909,4	1.521,3	5.717,0	32,0	33,4
(en miles de persoas)								
(%)								
2008								
	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade	
